

UNIDADE

12

O comentario de textos

1. A LEI E A XUSTIZA
2. O VOCABULARIO DA FILOSOFÍA
3. INTRODUCCIÓN ÁS TÉCNICAS DE TRADUCIÓN E DE COMENTARIO DE TEXTOS
4. ANTOLOXÍA DE TEXTOS

En todos os tempos, a filoloxía foi ao mesmo tempo pedagogía

F. Nietzsche. *Homero e a filoloxía clásica*

Cando no período helenístico os estudosos da Biblioteca de Alexandría comezaron a estudar os autores gregos anteriores, fixando e interpretando os seus textos, naceu a filoloxía: Ciencia que interpreta, reconstrúe e fixa os textos dunha cultura determinada para afondar no seu coñecemento.

Nesta unidade tes un elemental, pero práctico exercicio que che explica paso a paso o camiño que debe percorrerse para facer comentario de textos.

1. A lei e a xustiza

1.1. A lei

O Dereito grego é fundamentalmente práctico. Os gregos tiveron unha gran capacidade para revisar e renovar as súas institucións. O Dereito en Atenas, dende Dracón, foi un dereito codificado, ao contrario que en Esparta.

Os gregos pensaban que o concepto de lei (θέμις) pertencía á orde divina do universo e se entroncaba cos deuses por medio do mito de Temis, convertida en garda da xustiza. Era a vontade dos deuses expresada na Natureza, a regra social, a norma xurídica e a sentenza social. Durante moitos séculos a lei confundíuse coa vontade do rei (βασιλεύς) que, ao recibir o seu poder da divindade, tamén participaba do concepto da xustiza que é propio dela. Pero ao desaparecer a realza, a lei non se considerou xa a vontade do rei, senón a da nobreza dominante, e os xuízos realizábanse en función da vontade dos xuíces, que adoitaban ser os mesmos nobres.

Este concepto arcaico foi perdendo terreo ante o concepto de δίκη, que alude á norma xurídica en sentido amplo, a aplicación do cal favorece a cada un.

En Grecia a lei aparece como limitación do poder ilimitado da autoridade. As leis son instrucións dirixidas aos maxistrados para protexer aos cidadáns das arbitrariedades destes. Os cidadáns deben coñecela, polo que debe estar escrita en soporte duradeiro, bronce ou pedra. En Atenas distínguense catro clases de leis: as da βουλή, as do conxunto dos maxistrados, as dos catro arcontes e as de todos os arcontes. Tamén había leis para actividades ou sectores específicos, como poden ser leis sobre o comercio ou sobre os estranxeiros.

O νόμος é a lei en sentido xeral, a pesar de que os gregos nunca chegaron a ter unha conciencia unitaria e racional das fontes do Dereito. As fontes do Dereito son as leis e as sentenzas ou os costumes. E νόμος designa tanto á lei coma ao costume; ψήφισμα alude ao acto lexislativo e ao xuramento; son as leis constitucionais e administrativas, fronte ós νόμοι, que son as leis xudiciais e relixiosas.

A terminoloxía xurídica distingue tres actos creadores de Dereito no mundo grego: ῥήτραι ou compromisos recíprocos, contratos outorgados polo pobo, por exemplo, entre dúas familias para poñer fin a unha guerra; θεσμοί, formas de ordenamento, regulacións globais que se impoñen aos que participan nun acto determinado, por exemplo, o vínculo do matrimonio ou o réxime xurídico do Estado (tamén son θεσμοί o conxunto das leis de Dracón ou de Solón), e ψηφίσματα, decisións sobre casos individuais, que só poden aplicar os νόμοι sen ir contra eles.

1.2. O suxeito do Dereito

Os gregos non chegaron a ter conciencia duns dereitos inherentes á persoa, porque o individuo só era suxeito de dereitos en función da súa pertenza a unha polis e na súa condición de

cidadán. Xuridicamente identifícase a persoa co corpo. O corpo pode ser libre ou escravo. A capacidade xurídica non pode ser exercida por si mesma, senón en función da cidade á que se pertence como cidadán e en función dos dereitos e deberes dos cidadáns, e non existe nada máis que para os cidadáns libres. Pero pódese ser libre e non ter dereitos. Isto acontecíalle aos cidadáns condenados coa *atimía* (perda de dereitos de cidadán) e aos estranxeiros libres.

O sistema xurídico grego non aceptaba a prisión como pena, porque ía en contra da liberdade do corpo; por iso se substituíu por penas pecuniarias.

A abolición no século V a.C. da obriga de responder penalmente polos delitos do pai supón o triunfo da responsabilidade persoal, o recoñecemento da personalidade xurídica e do dereito do cidadán a exercer accións xurídicas.

1.3. Sistema xudicial ateniense. Clases de tribunais

En tempos de Solón, os **arcontes** emitían sentenza nos preitos privados. Pero logo creouse todo un complexo sistema xudicial no que, como nas administracións de Xustiza dos estados actuais, había diferentes tipos de xurisdición, segundo a gravidade do delito.

a) *Tribunais do criminal*

Os delitos de sangue tiñan uns tribunais especializados nestas causas, o máis antigo dos cales en Atenas era o do **Areópago**. Dende as reformas de Efialtes (462 a.C.) non tivo poder político, pero si conservaba importantes competencias xudiciais e continuou xulgando as causas de asasinato premeditado (φόνος ἐκούσιος), feridas causadas con intención de matar (τραῦμα ἐκ προνοίας), incendio de casas (πυρκαϊά) e envelenamentos (φάρμακα). Podían condenar a morte en caso de asasinato e desterro con confiscación de bens en caso de lesións.

b) *O tribunal da Heliea ou Xurado popular*

Os nove arcontes, asistidos polo secretario (γραμματεὺς), cada ano procedían ao sorteo de xuíces (δικασταί) dunha lista de nomes propostos polos demos, eran elixidos 600 de cada unha das dez tribos, 500 titulares e 100 suplentes entre cidadáns maiores de 30 anos. Os xuíces recibían un salario (μισθὸς δικαστικός ou ἡλιαστικός) por asistencia a un xuízo.

Tras prestar xuramento no que se comprometían a votar de acordo coas leis e imparcialmente, formábanse 10 seccións -δικαστήρια- de 500 xuíces cada unha e 100 suplentes procedentes a partes iguais das 10 tribos.

Antes de constituírse o tribunal había un dobre sorteo para evitar a corrupción dos xuíces, que non podían saber de antemán qué causa ían xulgar. Segundo a importancia da causa, formábase o tribunal, composto con parte dunha sección (201), unha sección (501) ou dúas seccións (1001).

1.4. Tipos de causas e procedemento xudicial en Atenas

Había en Atenas dous tipos de causas xudiciais diferenciadas: acusación pública (γραφή) e acusacións privadas (δίκαι). O acusador público, se non obtiña un quinto dos votos, podía ser multado con 1000 dracmas, ser inhabilitado para unha nova acción e mesmo se lle podía castigar coa *atimía*.

Nas acusacións privadas, se o acusador non obtiña un quinto dos votos, tiña que pagar unha multa. Con iso pretendíase limitar a actuación dos *sicofantas*, persoas que se dedicaban a acusar a un concidadán, coa esperanza de recibir parte dos seus bens, se era declarado culpable.

As penas ou multas (τιμήματα) eran as marcadas pola lei ou decididas no momento polos xurados, como aconteceu na condena de Sócrates.

En Atenas non existía ningunha figura semellante a un fiscal ou ministerio público encargado de perseguir por conta do Estado os criminais. Só as persoas que se considerasen prexudicadas nas causas privadas (δίκαι) ou os seus representantes legais en caso de tratarse dunha muller, un menor de idade, un **meteco** ou un escravo, podían iniciar unha acción xudicial. Nas causas públicas (γραφαί) calquera cidadán como membro da comunidade podía considerarse prexudicado, e polo tanto presentar a denuncia ante o maxistrado. As acusacións públicas eran as seguintes: 'condución' (ἀπαγωγή), 'adución' (ἐφήγησις), 'denuncia' (ἐνδειξις), 'denuncia, delación' (φάσις), 'notificación' (ἀπογραφή), 'acusación, delación' (εἰσαγγελία), ou 'recurso ao pobo' (προβολή), causa que se interpoñía ante a Asemblea popular (ἐκκλησία) contra os *sicofantas* ou os **demagogos** que enganaban ao pobo con promesas que non podían cumprir.

Os maxistrados chamados "os Once" eran os encargados da vixilancia da cidade fronte a ladróns e delinquentes e en caso de que sorprendesen un homicida en flagrante delito, se este confesaba, o executaban inmediatamente e se o negaba, o conducían ante un tribunal, encargábanse de achegar as probas e de vixialo en prisión ata que se celebrase o xuízo.

Os maxistrados instrutores eran os arcontes; o **arconte rei**, para causas relacionadas co culto e homicidio; o **epónimo**, para todo o relacionado co dereito privado entre cidadáns; o **po-lemarco**, para todo o relacionado cos estranxeiros e **metecos**; os **tesmotetes**, para os procesos nos que se xulgaban intereses da cidade.

O procedemento era igual para as causas públicas e privadas: citábase ao demandante ante testemuñas, prestábase xuramento e achegábanse as probas, e na vista pública concedíase a acusador e acusado o mesmo tempo para falar, medido por unha clepsidra (un reloxo de auga). Logo os xuíces votaban. Tiñan dous votos (ψηφοι) iguais a simple vista, pero un perforado e outro non. Colocábanse dúas urnas, unha válida, decisoria (κύριος καδίσκος) e outra non decisoria (ἄκυρος καδίσκος), e os xuíces botaban os seus votos nelas; o que valía, na urna decisoria, e o outro, na outra. Así, ninguén sabía que votaba cada un. Unha maioría de votos perforados significaba culpabilidade e polo tanto condena. A sentenza era inapelable.

1.5. Terminoloxía xudicial

En Atenas a terminoloxía forense era metafórica, coma se un preito fose un combate. O proceso denomínase *ἄγων* 'loita'; o acusador identifícase co que leva a iniciativa no combate 'o que persegue' (διώκων), o acusado é 'o que foxe, o fuxitivo' (φεύγων); convencer identifícase con 'coller' (αἶρεῖν); ser condenado identifícase con 'ser collido' (ἀλῶναι); e resultar absolto identifícase con 'escapar, librarse do ataque do contrario' (ἀποφεύγειν).

1.6. A organización xudicial de Esparta

En Esparta había dous sistemas xudiciais, segundo o tipo de proceso que se fose xulgar, un **arbitral** para procesos civís (dirimido por un árbitro elixido de común acordo polas partes), e outro **eforal** para os procesos criminais, administrado polos éforos, que eran ao mesmo tempo fiscais e xuíces. Era unha xustiza arbitraria, porque as penas non estaban determinadas e eran diferentes segundo a clase social do acusado.

En procesos políticos, como tentativa de tiranía, rivalidades para ocupar o trono real ou delito militar, o proceso celebrábase ante os *éforos* e a *gerusía*. Se non había acordo, o caso era enviado aos deuses para que emitisen sentenza a través dun oráculo. A pena nos delitos políticos de tentativa de tiranía e delito militar era a morte.

Realiza a πράξις 1

2. O vocabulario da filosofía

2.1. Unha creación grecolatina

É obvio que o vocabulario da filosofía é unha creación grecolatina, dende a propia palabra *filosofía*, que é un helenismo orixinal, pasando pola maioría dos campos da filosofía, como *lóxica* ou *ética*.

O filósofo moderno non só herda dos gregos unha terminoloxía, senón, indisolublemente ligado a ela, todo un xeito de conceptualizar o mundo, as relacións humanas, o funcionamento do pensamento e da linguaxe.

Os novos conceptos que o desenvolvemento da filosofía ía creando eran expresados na súa propia lingua. Os gregos servíronse, pois, dos mecanismos lingüísticos da súa lingua para crear ou modificar o vocabulario. Os latinos transcribiron ou traduciron as novas creacións do grego. Deste modo, o grego, axudado polo latín, converteuse na lingua da filosofía. Veremos algúns dos procedementos de creación de vocabulario filosófico, con exemplos de cada un.

2.2. Termos do vocabulario corrente

Moitos termos filosóficos eran palabras do vocabulario corrente ás que os filósofos gregos atribuíron novos significados e hoxe seguen sendo parte da terminoloxía filosófica.

Comecemos pola palabra *λόγος*. Era un termo común grego, que significaba 'o que se di, a palabra'. Pero tamén tiña que ver coa 'conta' ou a 'proporción', como en español *contar* expresa a operación do cómputo e tamén a do relato. De aí *λόγος* alcanza o significado de 'razón'. O termo grego non pasa á terminoloxía occidental directamente (si o fan algúns derivados seus, como *lógico* ou *lógica*), senón a través da tradución latina ***ratio***. En latín *ratio* significaba 'proporción' (relacionado con *reor* 'contar, computar'), pero tomou valores engadidos (como 'razón') precisamente a partir da tradución do grego *λόγος*. Do latín *ratio* procede un concepto básico das linguas modernas, o de *razón*, con toda a carga significativa que lle daba a súa historia dentro do grego.

Outro termo tomado da lingua común é *ἰδέα*, o significado inicial do cal era o de 'visión', da raíz de *εἶδον* (da mesma orixe que lat. *video*). Polo tanto, *ἰδέα* sería unha 'visión', a imaxe que unha cousa presenta á vista. Relacionamos a palabra 'idea' con Platón, aínda que foron os Presocráticos os que acuñaron o termo. Por exemplo, Demócrito usa a expresión *ἄτομος ἰδέα* 'forma indivisible' como designación do que nós chamamos *átomo*. Platón sèrvese desta designación que podería ser o 'espectáculo ideal' dunha cousa para referirse a realidades que para el estaban fóra da súa incorporación nunha cousa concreta, xa que existían nun mundo propio e aparte. Cicerón mantén a palabra en grego e Séneca latinízaa como ***idea***. E así chegou mesmo á nosa linguaxe común.

Outro exemplo sería *δύναμις*, que significaba inicialmente 'forza física', de aí 'poder' (por exemplo, político) ou, nun sentido xa máis abstracto, 'capacidade'. Aristóteles elabora unha amplísima teoría da *δύναμις* ou potencialidade, e inventa 'ser en potencia', fronte ao 'ser en acto' (*ἐν ἐνεργείᾳ*), que se refire á realización de tal posibilidade. Para que algo sexa *ἐν ἐνεργείᾳ* requírese que antes sexa *ἐν δυνάμει*, porque non poden realizarse máis que as posibilidades. O latín medieval traduciu estes termos por *potentia* e *actus*, e deles derivan os nosos *potencia* e *acto*.

Pola súa banda, *μονός* era un adxectivo co mesmo significado de *μόνος* 'único'. Platón substantívao co sentido da unidade ou mesmo unidade intelixible. Entre os neoplatónicos convértese no fundamento de toda unidade, non só numérica, senón metafísica. Na filosofía medieval o concepto de 'mónada' ampliarase con novas notas e logo reaparecerá na filosofía de Leibniz.

Do vocabulario xudicial procedía *αἷτιον*, que significaba 'responsabilidade (xudicial)'. Os filósofos gregos aplicaron o termo á relación máis xeral de 'causa a efecto'. O latín traduce *αἷτιον* por **causa**, que tamén procede do vocabulario xudicial e que adquiriu así o valor filosófico que tiña en grego.

Outros termos deste tipo serían: *ψυχή*, lat. *anima*, inicialmente 'sopro vital', logo 'alma'; *ὕλη*, lat. *Materia*, 'madeira' logo 'materia'; *μορφή*, lat. *forma*, inicialmente 'configuración dunha cousa', logo 'forma', como concepto filosófico; *ἀρχή*, lat. *principium*, que xogan co dobre valor de 'ser o primeiro' no tempo e nunha xerarquía; *ἀριθμός*, lat. *numerus*, con diversos sentidos; ou *γένος*, en latín *genus*, 'xénero' por oposición a 'especie'.

2.3. Adxectivos substantivados para formar abstractos

Un segundo procedemento na creación do vocabulario filosófico é a substantivación de adxectivos. O exemplo máis antigo que se documenta é *τὸ ἄπειρον*, creado polo filósofo do VI a.C. Anaximandro de Mileto. *τὸ ἄπειρον* debe traducirse por 'o indefinido'. É un termo negativo e xorde da incapacidade de precisar cal sería a materia orixinaria da que está composto o mundo. O gran salto que dá Anaximandro é converter esa incapacidade nunha definición. Se a materia orixinaria é algo que aínda carece de definicións internas e que eu non podo definir, abonda con que o chame 'o indefinido' para que poida ser designado. Noutras palabras, ese algo indefinido que non sei o que é, pode ser chamado *o indefinido*. Os filósofos utilizaron este recurso a miúdo en substantivacións como *τὸ ἀγαθόν* 'o ben'; e o mesmo cos plurais, como *τὰ ἠθικά* neutro plural, literalmente 'as cousas que se refiren aos costumes', isto é, a *ética*.

2.4. Derivados con sufixos específicos

Abstractos en -ία

O sufixo *-ία* formaba abstractos, un tipo de termos moi usual para os filósofos. Vexamos algúns exemplos:

ἁρμονία comezou por ser simplemente o abstracto sobre o verbo *ἁρμόττω* 'ensamblar', isto é, 'ensambladura'. Os pitagóricos usárono en sentido figurado para referirse a como se 'ensamblan os sons', como 'harmonía musical'. O pitagorismo posterior utilízase en referencia á harmonía celestial, a das esferas e outros desenvolvementos diversos. Lucrecio introduciu en latín o empréstimo *harmonía*, que pasou así ás linguas modernas.

ἀπορία significaba 'falta de camiños de saída' (*πόροι*); definía unha situación de dificultade real que non parece ter saída. Pasou logo á linguaxe da dialéctica, para aludir á situación en que un interlocutor pon o outro nunha situación da que non sabe saír, ante unha pregunta á que non pode responder. De aí, en termos máis xerais, aplicouse ao problema lóxico que non parece ter solución, ao resultado da contradición. No seu uso máis xeral, como 'problema' ou 'contradición' (aparente ou real) a palabra *aporía* foi adoptada pola filosofía occidental.

Nomes de acción en -σις

Un exemplo de nomes de acción en -σις é o substantivo de nova creación νόησις. Era o nome de acción de νοέω, que significaba 'darse conta da realidade das cousas de forma intuitiva e penetrante'. O verbo νοέω é á súa vez un derivado de νοῦς, a facultade de darse conta da realidade do que acontece.

En filosofía νοῦς acaba por ser o 'intelecto, a mente'. Νόησις é, pois, a acción de νοέω ou a actividade do νοῦς 'pensamento' oposta á dos sentidos (αἴσθησις ou 'sensación').

Pola súa banda, φρόνησις é un concepto antigo que implica actividade da φρήν, da prudencia. En filosofía especialízase como sabedoría práctica. Marciano Capela introduce a transcripción *phronesis* en latín, pero non conseguiu gañarlle a batalla á latina *prudencia*, case sinónimo de *phronesis*.

A palabra γένεσις para Homero e os antigos poetas épicos xenealóxicos significa 'nacemento (especialmente, dos deuses nunha teogonía)'. Dado que os filósofos presocráticos trasladaron o esquema da xenealoxía dos deuses primixenios aos seus propios esquemas sobre a orixe do mundo, γένεσις adquiriu o sentido de 'orixe das cousas', dos elementos primixenios nunha cosmogonía xa filosófica, o nacemento do que xorde por primeira vez. É Plinio quen introduce o termo en latín con este sentido.

Especialmente importante é o concepto de φύσις, unha palabra formada sobre φύω, polo que primeiro significou 'nacemento, orixe', e de aí, certa calidade innata, a 'feitura' de algo. De aí abrangueu un complexo xogo de termos, entre eles, o de 'natureza'. En latín traducíuse por *natura*, porque *nascor* é tradución do grego φύω. A palabra foi usada xa por Lucrecio e logo, abundantemente, por Cicerón.

Abstractos en -της, derivados de adxectivos

O sufixo -της, -τητος forma abstractos de adxectivos. É o caso da palabra platónica ποιότης 'calidade', de ποῖος 'cal'. Aristóteles imitou o procedemento e creou ποσότης 'cantidade', de πόσος 'canto'. Excelente tradución latina de ποιότης foi *qualitas*, obra de Cicerón. En época imperial, por imitación de Cicerón, creouse *quantitas* para traducir ποσότης.

O sufixo de pertenza -ικο-

O sufixo -ικο-, que indica pertenza, foi moi utilizado polos sofistas e alcanzou logo un inmenso éxito; por exemplo ἐμπειρικός 'empírico' (xa en Aristóteles). Despois utilizouse moito para denominar certas áreas da filosofía, como *física*, lóxica, ética (sobrentendida τέχνη) ou movementos filosóficos, sobre todo os derivados dun filósofo concreto; Σωκρατικός 'socrático', aparece en Aristóteles, Πλατωνικός 'platónico' está nun papiro do III d.C. Aínda é enormemente usual nas linguas modernas.

2.5. Compostos

Moitos termos filosóficos creáronse mediante composición de palabras. Hei aquí algúns exemplos:

É obrigado comezar pola propia palabra φιλοσοφία, e o seu correlato φιλόσοφος, quizais unha das creacións máis xeniais dos filósofos gregos; φιλόσοφος 'amigo do saber', 'afeccionado ao saber' era, segundo Cicerón, o termo preferido por Pitágoras para referirse á súa actividade, a constante busca de saber, fronte á máis fatua designación de σοφός 'sabio'. A palabra tivo inmediato éxito. Aparece en Heráclito e logo en Platón e Aristóteles e moitos outros. Cicerón adoptouna como empréstito, *philosophus*, e dende entón foi aceptada por cantos practicaron esta rama do saber e deu lugar a derivados. O nome φιλοσοφία acúñase máis tarde que

φιλόσοφος (atopámolo en Isócrates e en Platón). Non é estraño. O que quería sinalar Pitágoras era unha actitude persoal, unha afección á sabedoría, que non correspondía a unha disciplina. Son filósofos máis "profesionais", como Platón, os que acuñan o termo φιλοσοφία, para referirse ao que para eles é xa un obxecto de estudo, unha disciplina plenamente configurada.

Outro termo a partir de compostos é ὑποκείμενον, do verbo ὑπόκειμαι, que significa "xacer debaixo". En Platón ten o sentido figurado de "formularse como punto de partida ou suposto previo". O participio substantivado τὸ ὑποκείμενον alcanzou en mans de Aristóteles sentidos especificamente filosóficos para definir a materia que subxace á forma, a substancia que permanece baixo as alteracións dos accidentes ou o suxeito lóxico ao que se adscriben os atributos. A Escolástica usou como tradución de τὸ ὑποκείμενον o participio latino *substratum* e tamén, nalgúns sentidos, especialmente lóxicos e gramaticais, *subiectum*. Ambos os dous foron adoptados pola filosofía posterior.

O composto ἀναλογία é realmente curioso porque procede dun antigo sintagma ἀνὰ λόγον 'de acordo cunha proporción'. Inicialmente foi un termo matemático para referirse á 'proporción' matemática do tipo 'dous é a catro como tres é a seis'. Pero Aristóteles utilizou ἀναλογία para designar a correspondencia de cousas diferentes que desempeñan unha mesma función, como a uña e o pezuño. Utilizadísimos na escolástica, o concepto tende a ser relegado na filosofía moderna ao 'razoamento por analoxía'.

Hai un gran número de compostos negativos, formado pola partícula privativa ἀ(ν), usados para definir algo polo que non é. Por citar algún exemplo, ἀπάθεια (creado por Platón) ou ἀταραξία (creado por Demócrito) son conceptos éticos, para referirse a actitudes que buscan a felicidade na 'ausencia de sufrimento'.

Un caso curioso de termo con alfa privativa, xurdido da filosofía, pero que logo foi máis ben prestado á física é o concepto de *átomo*. Cando Leucipo e Demócrito crean unha nova teoría dun ser distribuído en infinitos corpúsculos, designan estes cun composto negativo: τὸ ἄτομον 'o indivisible', é dicir, a realidade (descoñecida) que xa non pode ser dividida.

2.6. Combinacións de composto e derivado

Citaremos finalmente algúns exemplos de composto e derivado.

ὑπόθεσις é un composto de ὑπό 'debaixo' e da raíz de τίθημι 'poñer', cun sufixo de nome de acción en -σις. Significa literalmente 'acción de poñer por debaixo', pero metaforicamente significa 'hipótese', proposta de partida sobre a que pode argumentarse. O latín traducíuno por *suppositio*. En galego temos derivados de ambos os dous: *hipótese* e *suposición*.

διαλεκτική sería outro exemplo (composto de διά e de λέγω, co sufixo de pertenza -ικο-) creado por Platón, para referirse á existencia de, polo menos, dous λόγοι contrapostos, que conducen a unha especie de 'acordo no desacordo'. Cicerón introduce en latín o termo *dialéctica*, que tivo unha longa vida ata os nosos días.

O caso de *Metafísica* é curioso. Segundo unha anécdota, a súa creación débese a Andronico de Rodas (s. I a.C.), que na edición que fixo da obra de Aristóteles, dispuxo o tratado que hoxe chamamos *Metafísica* despois da Física, polo *que* os libros τὰ μετὰ τὰ Φυσικά 'que van detrás de 'a Física' recibiron este estraño nome 'local' que logo resultou ser especialmente significativo, porque eran 'os que van máis alá da Física'.

Realiza a **πράξις 2**

3. Introducción ás técnicas de tradución e de comentario de textos

3.1. O Comentario de texto

En sentido estrito o feito na unidade anterior non forma parte do comentario de texto, senón da súa fase previa e necesaria, a tradución.

O comentario comeza cando toda a nosa atención se dirixe a interpretar o **fondo** -o que se di- e a **forma** -como se di- do texto. Ambas as dúas operacións deben facerse ao mesmo tempo, aínda que, polas características de cada texto, un deles poida ter máis relevancia.

3.2. Antes de empezar

Teñamos presente que:

a) Os textos obxecto de comentario cos que te vas atopar adoitan ser breves, pois se fosen demasiado longos non poderías afondar neles, e un comentario dun texto é unha explicación que busca máis a profundidade que a extensión.

b) O texto pode ser **completo**, ou o **fragmento dunha obra**. E neste segundo caso pode que coñezas a obra á que pertence o fragmento ou que só coñezas unha parte dela ou mesmo que non coñezas nada (como imos facer no texto que comentaremos a continuación).

Por outra parte, e esteamos no caso que esteamos, para conseguir o noso propósito necesitamos seguir un método, é dicir, un camiño a través das etapas do cal poidamos alcanzar un resultado, unha meta.

Estas etapas son as seguintes: lectura, localización, tema, estrutura, análise da forma partindo do tema e conclusión.

3.3. O texto

Tomemos para comentar a mesma pasaxe de Homero que vimos na unidade anterior, ampliado agora con cinco versos (isto é, *Odisea* 1-10).

Ἄνδρα μοι ἔννεπε, Μοῦσα, πολύτροπον, ὃς μάλα πολλὰ
ἐπλάγχθη, ἐπεὶ Τροίης ἱερὸν πτολίεθρον ἔπερσε·
πολλῶν δ' ἀνθρώπων εἶδεν ἄστυ καὶ νοῦν ἔγνω,
πολλὰ δ' ὃ γ' ἐν πόντῳ ἔπαθεν ἄλγῃ ὃν κατὰ θυμόν,
ἀρνύμενος ἦν τε ψυχὴν καὶ νόστον ἐταίρων. 5
ἀλλ' οὐδ' ὧς ἐταίρους ἐρρύσατο, ἰέμενός περ·
αὐτῷ ν γὰρ σφετέραις ἀτασθαλίαις ὤλοντο,
νῆπιοι, οἳ κατὰ βοῦς Ὑπερίονος Ἥλιου
ἦσθιον· αὐτὰρ ὁ τοῖς ἀφείλετο νόστιμον ἦμαρ.
τῷ ν ἀμόθεν γε, θεά, θύγατερ Διός, εἰπὲ καὶ ἡμῖν. 10

3.4. A lectura

En primeiro lugar facemos unha lectura-tradución do texto seguindo os pasos marcados no apartado anterior e escribímola no noso caderno. Para isto é conveniente que teñamos a man un dicionario de grego (ou o vocabulario do libro) e outro de lingua galega, pois é moi importante comprender todas e cada unha das palabras do texto.

Por exemplo no texto que temos quizais non estea de máis precisar un pouco o sentido das seguintes:

πολύτροπον, aínda que a traducimos por 'enxeñoso', o seu significado en grego é moito máis rico. Literalmente significa 'o que ten moitas maneiras, grande facilidade para adaptarse, para ocultar as súas intencións, para saír de situacións difíciles'.

νοῦν despois de Homero foi un termo filosófico que significou -no filósofo Anaxágoras, por exemplo- a 'mente', a 'intelixencia', pero aquí indica o 'xeito de ser' ou 'xeito de pensar'.

ψυχήν: esta palabra, moitas veces traducida por 'alma' ou 'espírito', en Homero aínda significa 'vida'. Oponse máis a θάνατος 'morte', que a σῶμα 'corpo'.

Ἑπερίωνος é un nome propio, Hiperión, o pai de Helio, o Sol. O resultado da nosa lectura daríanos a seguinte tradución:

Musa, fálame daquel home enxeñoso, que percorreu errante
moitísimos lugares, tras arrasar a sagrada cidade de **Troia**,
e viu as cidades de moitos homes e coñeceu o seu carácter
e moitas desgrazas soportou no seu ánimo no mar,
tratando de salvar a súa vida e o regreso dos seus compañeiros. 5
Mais nin así puido protexelos, aínda que o desexaba con forza;
pois eles, polas súas propias insensateces, pereceron,
necios, que as vacas do Sol, fillo de **Hiperión**,
comeron e ao punto el arrebatoulles o día do regreso.
Relátanos, deusa, filla de **Zeus**, estes sucesos, empezando dende algún punto.

3.5. A localización

Unha vez lido e comprendido o que o texto di, hai que localizalo, é dicir, hai que situalo dentro da obra en que se atopa, se, como aquí, é un fragmento, ou dentro do conxunto das obras do autor, se fose unha obra completa.

Debemos empezar buscando información sobre o autor e a súa obra nalgún manual de literatura; engadiremos logo algunha información concreta sobre a obra en que se atopa o fragmento que imos comentar, fixando o xénero literario a que pertence.

Neste caso diríamos que o fragmento é o principio do poema épico de Homero a *Odisea*. O devandito fragmento coñécese como *invocación á musa*.

3.6. O tema

Todo texto literario ou fragmento ten un tema, é dicir, un **núcleo** que explica a súa razón de ser. En realidade o comentario de texto comeza ou debe comezar por fixar o seu tema. A **definición** do tema ha de ser **breve, clara e exacta**. Non se trata de facer unha enumeración dos detalles da obra ou fragmento, senón unha especie de selo que o defina.

O poema do que extraemos este fragmento contén outros moitos temas ou subtemas ao longo dos vinte e catro cantos de que consta, por exemplo: as aventuras de Telémaco, o episodio do Ciclope ou a matanza dos pretendentes. Todos eles están incluídos dentro do tema central que é o regreso de Odiseo.

O tema do texto que nos ocupa podería ser: petición a unha deusa para que narre o acontecido a un home desgraciado.

3.7. A estrutura

É a **división lóxica das partes de que consta o texto**. Toda composición é susceptible de ser dividida; debemos, pois, distinguir as partes das que está formado o texto que comentamos.

O presente fragmento, aínda que pertence a unha obra de máis de doce mil versos, ten unha unidade en si mesmo. É como o pórtico dun magnífico edificio no que se poden distinguir diferentes partes. Consta de dez versos hexámetros e divídese en catro partes:

<p>Ἄνδρα μοι ἔννεπε, Μοῦσα, πολύτροπον, ὅς μάλα πολλὰ ἐπλάγχθη, ἐπεὶ Τροίης ἱερὸν πτολίεθρον ἔπερσε· πολλῶν δ' ἀνθρώπων εἶδεν ἄστυ καὶ νοῦν ἔγνω, πολλὰ δ' ὃ γ' ἐν πόντῳ ἔπαθεν ἄλγῃ ὃν κατὰ θυμόν ἀρνύμενος ἦν τε ψυχὴν καὶ νόστον ἐταίρων. 5</p> <p>ἀλλ' οὐδ' ὥς ἐταίρους ἐρρύσατο, ἰέμενός περ· αὐτῶν γὰρ σφετέραις ἀτασθαλίαις ὤλοντο, νήπιοι, οἳ κατὰ βους Ὑπερίονος Ἥλιου ἦσθιν· αὐτὰρ ὁ τοῖς ἀφείλετο νόστιμον ἦμαρ. τῶν ἀμόθεν γε, θεά, θύγατερ Διός, εἰπὲ καὶ ἡμῖν. 10</p>	<p>1ª Parte, v. 1: Invocación a la Musa.</p> <p>2ª Parte, vv. 1-5: Xustificación do carácter do protagonista apuntado na primeira parte.</p> <p>3ª Parte, vv. 6-9: Causas alleas a el polas que en parte fracasa na súa empresa.</p> <p>4ª Parte, v. 10: Peché enlazado coa primeira parte.</p>
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

3.8. A análise da forma

Xa dividimos a pasaxe en catro apartados de acordo co seu tema e agora debemos ir percorrendo cada un deles.

Pero antes teñamos en conta que o texto ha de explicarse coma se tivese vida propia, coma se fose independente, aínda que forme parte dunha obra máis extensa. Non debemos introducir no comentario datos ou información doutras partes da obra. Por exemplo, do poema cuxo fragmento estamos a comentar sabemos que o protagonista se chama Odiseo e cales van ser as súas dificultades e como rematarán, pero isto non debe formar parte do comentario deste texto (recorda, ademais, que dixemos que iamos comentar o fragmento coma se non coñecésemos a obra á que pertence).

Un método bo para percorrer esta etapa é entrar nun diálogo-interrogatorio co texto. Debemos ir formulándolle preguntas sobre o que e o como.

a) Primeira parte

O texto comeza cunha petición en primeira persoa a unha Musa para que conte o que lle sucedeu a un home, cuxas calidades, resumidas nas dúas partes seguintes, o fan merecedor de ser coñecido, e remata repetindo no último verso a petición formulada ao principio. Este tipo de composición, chamada 'composición anular', é un recurso literario bastante frecuente en textos breves -non é raro velo hoxe nos artigos xornalísticos, por exemplo- e serve para marcar mediante a insistencia o interese do autor polo contido do que escribe.

Ἄνδρα μοι ἔννεπε, Μοῦσα, πολύτροπον
'Musa, fálame daquel home enxeñoso'

O autor colocou en primeiro lugar a palabra ἄνδρα 'home', porque é a clave, o elemento fundamental. Por outra banda, puxo ao final da frase o trazo característico que fixo a ese home merecedor de que a súa historia sexa contada: é un home enxeñoso.

Pero quen é? Non se nos di o seu nome, aínda que, polos datos que aparecen nos apartados seguintes do texto, parece que é coñecido e as súas aventuras xa foron contadas antes, pois por elas recibiu un cualificativo, πολύτροπον, que estratexicamente pecha esta primeira parte.

No medio das dúas palabras básicas que nos indican o obxecto do relato hai outras dúas tamén moi importantes: a deusa que o conta e o oínte que o pide. Estamos, pois, ante un tipo de literatura oral, pero ¿por que é unha deusa a que conta o relato e quen é esta deusa? Dísenos que é unha Musa, pero hai nove, así que debemos preguntarnos cal delas é. Para contestar a esta pregunta temos que buscar a información noutro lugar, por exemplo, no inicio doutros poemas do mesmo xénero, nos manuais de literatura, ou na obra dalgún autor antigo ou moderno especializado na poesía épica. Hesíodo, que é un poeta épico un pouco posterior a Homero, di na súa *Teogonía*, falando das Musas: 'Calíope é superior a todas, pois acompaña os reis augustos'; tamén outros poetas citan o seu nome ao comezar os seus poemas e un autor do século I a.C. chamado Antípatro de Tesalónica di claramente que a expresión ἄνδρα μοι ἔννεπε, μουσα, díxoa Calíope por boca de Homero. Con esta información xa podemos dicir que a musa é Calíope, e a persoa que lle pide que cante as fazañas do home enxeñoso é o propio poeta.

b) Segunda parte

ὅς μάλα πολλὰ

(ἐ)πλάγχθη, ἐπεὶ Τροίας ἱερὸν πτολίεθρον ἔπερσε·

'que percorreu errante moitísimos lugares, tras arrasar a sagrada cidade de Troia'.

O segundo verso comeza coa palabra ἐπλάγχθη, colocada en encabalgamento -un recurso moi frecuente en Homero- para destacar a causa das desgrazas do heroe, do que agora sabemos que é un dos gregos que destruíron Troia; desvélese así unha parte do seu pasado, a través do cal podemos entrever outras calidades, as guerreiras, as necesarias para buscar a gloria, aquí insinuadas tan só como contraste das que vai necesitar agora para saír adiante, para sobrevivir. Destaca así o poeta a súa capacidade de adaptación, a súa polivalencia, xustificando o epíteto con que o cualificou no primeiro verso.

Observa que se reitera no noso texto a aparición de πολὺς e de palabras compostas con πολυ- (πολύτροπον e πολλά no v. 1, πολλῶν no v. 3, πολλά no v. 4), insistindo na multiplicidade de facetas do heroe.

Por outro lado, a expresión acentúa a idea de que o protagonista desexa regresar, pois se estivo en Troia ata o final e se andou errante por moitos lugares, resulta evidente a súa prolongada ausencia de casa.

πολλῶν δ' ἀνθρώπων εἶδεν ἄσπερ καὶ νοῦν ἔγνω,

'e viu as cidades de moitos homes e coñeceu o seu carácter'

Desvélasenos neste verso outro trazo do carácter do protagonista, a súa curiosidade. Na súa vida errante busca o contacto coa xente e enriquece a súa experiencia coa observación. O poeta quere diferenciar claramente esta observación, utilizando a forma verbal εἶδεν, 'viu', para as cidades, é dicir, o exterior, o físico; e a forma ἔγνω 'coñeceu', para o interior, o psicolóxico.

πολλὰ δ' ὃ γ' ἐν πόντῳ ἔπαθεν ἄλγη ὄν κατὰ θυμόν

'e moitas desgrazas soportou o seu ánimo no mar',

Dous detalles máis nos mostra o poeta neste verso: por un lado, que as fatigas do heroe, o seu andar errante, non suceden terra dentro senón no mar, nun ambiente máis difícil, máis misterioso e, por iso, máis perigoso. Por outro lado, coa expresión κατὰ θυμόν que pecha o verso, o poeta dános a coñecer un home máis preocupado por finalizar a súa empresa que dorido polas fatigas, como se ve no seguinte verso.

ἀρινύμενος ἦν τε ψυχὴν καὶ νόστον ἐταίρων.

'tratando de salvar a súa vida e o regreso dos seus compañeiros'.

Esta nova empresa á que se enfronta -xa non guerreira, senón humana e altruísta- é a de salvar a súa vida para procurar o regreso dos seus compañeiros; por iso, como dicía o verso anterior, o seu sufrimento está no ánimo, é máis psicolóxico que físico.

c) Terceira parte

Os versos 6-9 que comprenden esta parte tratan de xustificar o fracaso parcial do heroe na realización da empresa sinalada na parte anterior.

ἀλλ' οὐδ' ὧς ἐτάρους ἐρρύσατο, ἰέμενός περ·

'mais nin así puido protexelos, aínda que o desexaba con forza'.

A oración adversativa que forma este verso é como un xerro de auga fría sobre os esforzos do heroe. Non logrará salvar os seus compañeiros, aínda que o poeta se apresura a describir

nos versos 7-9 que tal fracaso non é culpa súa, senón da insensatez deles, que cometeron un sacrilexio contra o deus **Helio** comendo as súas vacas.

αὐτῶν γὰρ σφετέραις ἀτασθαλίαις ὤλοντο,
νήπιοι, οἱ κατὰ βους Ὑπερίονος Ἥλιου
ἦσθιον· αὐτὰρ ὁ τοῖς ἀφείλετο νόστιμον ἦμαρ
*'pois eles polas súas propias insensateces pereceron,
necios, que as vacas de Helio, fillo de Hiperión,
comeron e ao punto el arrebatoulles o día do regreso'.*

O poeta destaca claramente a actitude imprudente dos compañeiros coas palabras ἀτασθαλίαις 'insensateces' e νήπιοι 'necios', que contrastan coa prudencia e esforzo do heroe descritos na parte anterior.

d) Cuarta parte

A cuarta parte está formada polo verso 10:

τῶν ἀμόθεν γε, θεά, θύγατερ Διός, εἰπὲ καὶ ἡμῖν.
'relátanos, deusa, filla de Zeus, estes sucesos, empezando dende algún punto.

O texto remata con este verso, que retoma como peche o mesmo pensamento expresado no primeiro, é dicir, a petición do poeta a Calíope para que lle relate o acontecido a un heroe ao seu regreso de Troia no seu intento de devolver sans e salvos aos seus compañeiros. Hai, non obstante, aquí algúns detalles novos respecto ao primeiro verso: por un lado, o poeta chama a á Musa "deusa" e "filla de Zeus", para destacar a súa liñaxe; e, por outro, a petición agora xa non é en singular μοι, senón en plural, ἡμῖν, o poeta xa non está só, senón que inclúe aos seus oíntes. Bríndalle á deusa a posibilidade de elixir a orde de exposición. O poeta, pois, remata a súa petición mediante este hábil recurso estilístico de retomar a idea expresada ao principio, agora reforzada con dous recursos retóricos: 1) a insistencia mediante a *captatio benevolentiae*, é dicir, provocar na deusa unha boa disposición para que acceda ao que se lle pide; e 2) a inclusión doutras persoas interesadas no relato.

3.9. A conclusión

A conclusión do comentario debe conter un resumo e unha opinión persoal.

No **resumo débese** concentrar o máis sobresaínte das deducións sacadas a partir da análise feita na etapa anterior.

En canto á **opinión persoal**, como é moi probable que a maior parte dos textos obxecto de comentario sexan de autores de contrastada relevancia literaria, débese evitar utilizar expresións como: "é un texto magnífico", "está moi ben escrito", ou cousas polo estilo. Poderemos dicir acaso cousas que nos permitan sacar, sen dicilas, esas conclusións. Pero o fundamental é que sinalamos cousas que se nos ocorren mentres comentabamos o texto. Para iso é conveniente ilas apuntando mentres comentamos e utilízalas agora como guión. Sobre o texto de Homero poderíamos dicir algo parecido ao seguinte.

a) Resumo

Todo o fragmento xira en torno a dúas palabras: o home e a deusa. Quen compuxo o poema soubo captar a atención dos seus oíntes dende o principio, envolvendo a súa obra en certo

aire de misterio e nun halo relixioso. Non nos di en ningún momento o seu nome, nin a súa patria, nin se ten familia, só que é un home obrigado a aguzar o enxeño para salvarse a si mesmo e aos que o acompañan, e mesmo se insinúa que antepoñendo o segundo ao primeiro. Abonda con isto para provocar a simpatía por el entre os que van escoitar o relato.

Por outro lado, a deusa, unha musa, o nome da cal tampouco coñecemos, envolve en certa atmosfera sagrada a importancia do relato. Non cabe dúbida de que quen escoitase estes dez primeiros versos quedaría a oír o final da historia, aínda que ese final chegase despois de vinte e catro cantos e máis de doce mil versos.

b) Opinión persoal

Ao noso xuízo, un dos trazos máis notables do presente texto é que todo el mostra xa varios trazos característicos da literatura grega en particular e da arte grega en xeral: o interese polo ser humano e a busca da beleza a través da sinxeleza. En efecto, vemos no personaxe cuxa historia se vai contar, un trazo que os gregos valoraban moito no home, o seu desexo de saber (πολλῶν δ' ἀνθρώπων εἶδεν ἄστυ καὶ νοῦν ἔγνων· *e viu as cidades de moitos homes e coñeceu o seu carácter*), de aprender dos demais (non será o único lugar onde o poeta deixe constancia deste trazo do seu personaxe).

Ese coñecemento das cousas permítelle afrontar os inmensos riscos da viaxe e saber en cada momento que debe facer. ¡Que gran contraste entre este xeito de ser e a insensatez, a falta de reflexión, dos seus compañeiros! Por iso el sobrevivirá e eles nunca verán 'o día do regreso'.

4. Antoloxía de textos

4.1. Dous textos de historia

Con Heródoto, comeza a prosa grega. No comezo da súa obra o autor presenta o seu plan contra o esquecemento. O remedio é o exercicio da memoria e a súa anotación por escrito (recorda o devandito sobre a escritura).

Tucídides tamén escribe un libro de historia, pero o seu campo de acción céntrase na Guerra do Peloponeso, un acontecemento máis localizado no espazo e máis inmediato no tempo.

Como no caso dos textos da unidade anterior, deberás utilizar o Vocabulario xeral para traducir os seguintes. As notas axudaránche na túa tarefa.

Realiza a πράξις 3

4.2. Os Sete Sabios

Baixo a xa famosa denominación dos Sete Sabios de Grecia recóllese un grupo de personaxes que se fixeron famosos polo seu pensamento enxeñoso, práctico e exposto en ton sentencioso. Os citados con máis frecuencia son: Solón de Atenas, Bías de Priene, Tales de Mileto, Cleóbulo de Rodas, Pítaco de Mitilene, Quilón de Esparta e Periandro de Corinto. Na súa obra chamada *Banquete dos sete sabios*, Plutarco preséntanos como participantes nun banquete onde se fala do divino e o humano. Plutarco substitúe a Periandro por un curioso personaxe escita chamado Anacarsis, que tamén aparece en Luciano, como unha especie de turista estranxeiro que percorre Grecia.

Realiza a πράξις 4

4.3. A acrópole de Micenas

A acrópole de Micenas é, xunto co pazo de Cnoso, a máis imponente e destacada mostra da civilización que leva o seu nome, a civilización micénica. Situada nun outeiro entre dous elevados picos, debeu de ser construída cara ao século XV e rodeada cunha muralla cara a 1350 a.C., os restos da cal aínda impresionan, pois ten nalgúns sitios seis metros de espesor e unha lonxitude de case un quilómetro. A muralla só se pode franquear pola chamada 'Porta dos leóns'.

Estes datos levaron a crer aos gregos que a fortificación fora cousa dos Ciclopes. A acrópole de Micenas é o símbolo da forza e esplendor da idade do bronce grego. A vida dos seus reis, os seus funcionarios, os seus servidores foi, ademais, a materia prima que xerou as

lendas -ás veces non menos impresionantes que as súas murallas- para a literatura do primeiro milenio antes de Cristo, e isto quizais fixera á cidade de Micenas máis imperecedoira que as propias pedras ciclópeas que a forman.

Segundo a lenda foi fundada por Perseo, fillo de Zeus e Dánae, e gobernada logo por Euristeo, o que impuxo a Heracles os doce traballos. Despois o poder pasou a Atreo, o fillo de Pélope, e pai de Agamenón, o xefe do exército grego que destruíu Troia.

Realiza a práxis 5

7. Situación das ruínas de Micenas (Pausanias, *Descrición de Grecia* 2, 16, 4)

Pausanias, o autor do texto, concibe a súa obra como un auténtico antepasado das nosas guías de turismo. Describe lugares e sinala a súa localización para orientar o viaxeiro. Comeza a súa descrición de Micenas sinalando onde está.

Ἀνελθοῦσι¹ δὲ ἐς τὸν Τρητὸν καὶ αὐθὶς τὴν ἐς Ἄργος ἰοῦσιν² ἐστὶ Μυκηνῶν ἐρείπια ἐν ἀριστερᾷ. Καὶ ὅτι μὲν Περσεὺς ἐγένετο Μυκηνῶν οἰκιστὴς, γινώσκουσιν Ἕλληνες· ἐγὼ δὲ αἰτίαν τε γράψω τοῦ οἰκισμοῦ καὶ δι' ἣντινα³ πρόφασιν Ἀργεῖοι Μυκηναίους ὕστερον κατέλυσαν.

1. Dativo plural do participio de aoristo de ἀνέρχομαι 'subir' | 2. Participio de εἶμι 'ir' | 3. δι' ἣντινα πρόφασιν 'por qué motivo.